

RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DIRECTA DE ADQUIRENTES EN 2ª OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS

EXPEDIENTE: <u>PO89501:2</u>
SITUACIÓN: <u>Fermin Bouza Brey nº 5 1º B - VILAGARCIA DE AROUSA</u>

Por resolución da Xefatura Territorial de Pontevedra de data 07 de xuño de 2011 iniciouse o proceso de selección de adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ó expediente PO89501:2, ó abeiro do disposto no artigo 64 da Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia, no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia.

Co obxecto de seleccionar adquirentes para dita vivenda, esta foi ofertada a través da páxina web do IGVS ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

Tendo en conta que no prazo citado no parágrafo anterior non foi presentada ningunha solicitude para participar no procedemento de selección de adquirentes que cumprise todos os requisitos ou completase todos os trámites para poder ser designado adquirente, a vivenda continuou publicitada na páxina web do IGVS para xeral coñecemento, téndose presentado solicitude de inclusión no procedemento de selección de adquirentes por don/a HERMINIA CAEIRO SOMOZA (nº de credencial 58,915). Unha vez comprobado o cumprimento por parte da interesada dos requisitos esixidos para ser designado adquirente, facendo uso das súas competencias o xefe territorial do IGVS en Pontevedra

ACORDA:

- 1. Declarar directamente adquirente a don/a HERMINIA CAEIRO SOMOZA (nº credencial 58,915)**

Contra dita resolución que non esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso de alzada ante o señor conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución de conformidade co disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola lei 4/1999, de 13 de xaneiro.

Pontevedra, 26 de novembro de 2012.

O/A Xefe/a Territorial da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

Asdo.: José Luis Díez Yáñez